

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

ELADIO: Bueno, señores... e será hora de *seghir* co que *estábamos*, non si?

AVÓ: Poder, podemos... Pero a min non me están gustando estes conceptos do folletín, eh, dona Elena...

DOUTORA: É que non é a vostede a quen lle teñen que gustar... desvergonzado...

AVÓ (pasa as páxinas, ollándoas por riba): E mira, estás segura de que *escribiche* ben esta palabra? Porque eu...

DOUTORA: Pero vamos a ver! Váiase agora mesmo!

AVÓ: Bueno! Xa me vou, de todas formas, que aínda teño que sachar uns regos... Vémonos...

ELADIO: Veña cando queira, non o dubide! *Paréseche* ben se *comesamos* coa *votación*, Elena?

DOUTORA: Mentres todo o mundo teña claro os puntos...

EVA: Veña! Todos tedes que vir aquí!

ARGEMIRO: Que pasa, ho? Un non pode ler o panfleto en tan pouco tempo! Case non me deu nin para colocar as *ghafas*!

SEÑORA DAS CARTAS: Non *seña* tan pesado, *Arghemiro*... Miren que a min me deu tempo a lelo do dereito e do revés!

DONA SARA: Podemos votar a condenada reforma, concho?

SEÑORA DA VENTÁ: Veña, que o manuscrito da Elena está tan condensado que se me escapan as ideas... e van unha tras a outra.

SABELA: Estamos todos? Podedes *guardar* silencio, por favor? Déixame contar, que non sei eu...

CAROLINA: *Foize* o avó da nena, os demais *seghe*n! Podemos darnos présa?

DOUTORA: Oe! Marcha ti se queres, non temos por que comprometer a seguridade do edificio soamente pola irresponsabilidade dos veciños que conforman a comunidade...

ELADIO: Claro que non a imos comprometer... imos dar *comeso* á *seghunda* parte da reunión!

EVA: E agardo que a última, oes, Eladio? Que eu xa estou cansa, só coa primeira páxina...

SABELA: Ben, ben...Leu todo o mundo a proposta?

FERROLANO: Si, podemos *seghir*, por favor?

ELADIO: Ben, que levanten a man os que estean a favor da proposta de Elena...

*Comezan a erguerse mans, a loura ponse en pé e fala.*

LOURA: Pero como que de acordo? Non vedes o que vai custar? Iso *vaio* pagar ela porque se non... Eu non teño cartos para máis nada se o emprego niso!

DOUTORA: O máis importante...

SABELA: Poden erguer a man os votos en contra?

*Repítese o mesmo número*

DOUTORA: Veña, por favor! Facede un esforzo, veña...

ELADIO: *Alghén* quere cambiar o voto?

ARGEMIRO: Eu non sei, Eladio, de verdade é tan importante a fachada do edificio?

DOUTORA: Claro que si! Se nin sequera coidamos o aspecto do noso edificio como imos tratar outros asuntos máis importantes...

DONA SARA: A min que non me veñan con estas *pascaxadas*! Bastante temos polo que preocuparnos para gastar o diñeiro nesa parvada!

LOURA: Co prezo da *lu* como está! *Tu* cres...

EVA: Podemos deixalo? A reunión non está para falar da *lus*!

DOUTORA: Eu só me preocupo polo benestar do edificio! Pero se non temos as mesmas preocupacións...

LOURA: Si, ho... hai cousas que son capricho, Elena, cando querías cambiar algunhas tuberías... pero como iamos facer iso?

ELADIO: Escoitade... Retomamos o tema *agora*, pero a reunión ten que *segir* e se *ninghén* cambia de opinión con respecto ao asunto...

DOUTORA: Non importa, é certo, non é imprescindible. Despois será peor, como o dos terrarios...

SABELA: Algunha queixa ou suxestión do cuarto A?

ARGEMIRO: Eu si... Ben, teño varias cousas que dicir...

EVA: Adiante...

ARGEMIRO: O máis importante... Os cans. Non podo con eles... Todo o chan sucio polos bechos! Pero isto é normal?... E miren, que non quero rosmar... pero o do terceiro, non podo con el! Co can todo o día, de arriba para abaixo, de aquí a acolá! Non para co can! Pero que lle vai pasar se queda no piso cinco minutos?

SABELA: Seguro que isto leva cara algunha suxestión...? Que podemos facer nós con respecto...

ARGEMIRO: E como ladra! Escóitase coma o demo! Xúroo! Eu quero que se vaia o can ao inferno!

EVA: Xa hai unha restricción do números de *cas*... e, bueno, de animais, en xeral...

ARGEMIRO: Pero *seghe* habéndoos, ou non? Escoitarse, escóitanse...

CAROLINA: Mire, a metade dos veciños teñen animais... De verdade, quedan temas importantes...? Teño que irme... Por que sempre se tratan cando xa non estou?

DONA SARA: Eu tamén quero que se vaian os animais, que carai! Só saben meterse polo medio!

XAN: De verdade, non podemos saltar o que non leva a a *ninghunha* parte?

ELADIO: *Tranquilísense* todos! Aquí podemos discutir todo o que se *presise*... Ben, *alghén* opina *algho* máis dos animais no *edifisio*...? *Logho*, imos votar.

*A maioría decide manter o número establecido.*

ARGEMIRO: Manda carai! Facede o que queirades, ho!

EVA: Queixas do outro cuarto?

FERROLANO: Ningunha, pero queremos saber cando se elixe ao presidente da comunidade...

SABELA: Verán, non se elixe, hai quenda, e cambia cada ano...

FERROLANA: Cremos que temos unha nova visión para o edificio, comprenden o que *digho*? Para cambiar as cousas...

FILLO DA VELLIÑA: Ai! E *ista* publicidade...?

ARGEMIRO: E por que non empezan a propoñer cousas *aghora*...? Que van facer, *ghardar* as ideas para cando *ghañen*? Pois eu non vou votar por estes...

EVA: Que non se vota...

SEÑORA DA VENTÁ: E logo, xa se pode comezar a pedir votos, porque mira que eu non é que sexa moi de políticas, pero...

DONA SARA: Si, ho, o que me faltaba, que elixisen a esta tola...

SABELA: Pero que non se elixe...

DOUTORA: Pois miren, se tampouco fan caso aos que propoñen cousas xa agora...

ELADIO: Ímonos *sentrar*, de acordo? Alghén do quinto quere propoñer...?

SEÑORA DAS CARTAS: Si, bueno, xa que falamos de publicidade... Vostedes saben que eu teño un comercio local, non?

ELADIO: Ben sabemos.

SEÑORA DAS CARTAS: E ben... podería *colghar algunha propaganda* no edificio...? Que... de verdade, non vou tapialo nin nada, non teño cartos para iso...

ELADIO: Bueno, non sei como está a norma...

SABELA: Non se pode poñer propaganda na fachada do edificio...

SEÑORA DAS CARTAS: Veña... pola patria, que apoiamos a causa dunha veciña, iso case coma a dun mesmo!

EVA: Non se pode... non importa moito se es veciña...

DOUTORA: Pois eu vin o outro día un cartel... pegado xusto ao carón do portal...

ARGEMIRO: Si, ho, o dos aparellos estes do demo! Das estas, dos oídos!

DONA SARA: Ai, si! Iso é que nos ven como un edificio de vellos...

SEÑORA DAS CARTAS: E con razón! Ou non?

*A velliña do segundo esperta, despois de ter durmido un anaquiño na súa cadeira. Sobresáltase lixeiramente cando se abren as portas do ascensor e aparece de novo o avó, coa nena subida aos ombreiros.*

VELLIÑA: Que dicides?

AVÓ: Ei! Mirade quen teño aquí!

UXÍA: Ola!

ELADIO: Se queredes... *fasemos* outro descansiño...

*Nese momento, percíbese claramente a natural expresión de fastío na faciana das veciñas do quinto.*